



DATOS IDENTIFICATIVOS

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés

Materia	Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés			
Código	V01G180V01403			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pereira Romasanta, Raquel			
Profesorado	Bringas López, Ana María Pereira Romasanta, Raquel			
Correo-e	raquel.romasanta@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro curso de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma. A materia prestará especial atención ás destrezas de carácter produtivo, isto é, á escrita e á produción oral con materiais de nivel C1.2 (MCER).			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber facer
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• Saber estar / ser
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.	• saber • saber facer • Saber estar / ser

CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE3	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do primeiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE5	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos co propósito de englobar as destrezas de comprensión e expresión escrita e oral na comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE6	Sentar as bases para o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE7	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións textuais e as súas implicacións.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE8	Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CE11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
3. Desenvolvemento das habilidades de comprensión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro.	CB5 CG1 CG5 CG7 CG9 CE4 CE5 CE7 CE8

6. Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de maneira escrita e oral cun vocabulario e unha organización axeitada.	CB3 CB4 CG6 CG7 CE2 CE3 CE7 CE8
7. Familiarización cos hábitos de traballo en equipo.	CG1 CG6 CG7 CG9 CG12 CE2 CE3 CE4 CE5 CE11
8. Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral no uso do vocabulario e da produción do discurso oral baseado nos coñecementos adquiridos a través da lectura e da escrita.	CB3 CG1 CG5 CG8 CE1 CE3 CE5
10. Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos.	CB4 CG1 CG6 CG9 CE2 CE3 CE4 CE5 CE7 CE8
11. Expansión dos coñecemento teóricos e prácticos para a súa posterior aplicación ó exercicio profesional.	CB1 CB2 CB4 CB5 CG8 CG9 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6

Contidos

Tema	
1. Use of English & Grammar	<p>Key Aspects: Mixed Conditionals, Hypothesising, Emphasis, Inversion, Language of Persuasion, Complex Sentences, Collocations & Idiomatic expressions, Phrasal verbs (II), among others.</p> <p>Use of English and Grammar Task Types: Multiple-choice gap fill, Open-gap fill, Word formation, gapped text, Key word transformation.</p>
2. Speaking	<p>Key Aspects: Oral production practice and comprehension on a wide array of topics and everyday situations (Communication, Family Life, The Senses, Proposals and Negotiations, The Arts, Human Relations, Climate Change)</p> <p>Speaking Task Types: Three-way Conversation, Three-Way Interaction, Collaborative Discussion, Long-Turn with Partner Response.</p>

3. Reading & Vocabulary

Key Aspects:

Analysis of texts from a wide array of types and topics (Communication, Family Life, The Senses, Proposals and Negotiations, The Arts, Human Relations, Climate Change)

Reading and Vocabulary Task Types:

Multiple Choice & Matching, Gapped Text.

4. Writing

Writing Key Aspects:

Techniques for writing essays, articles and reviews (Organization, Brainstorming, Structure, Writing Tips)

Writing Task Types:

Essay, article and review writing tasks which specify the type of text you have to write, your purpose for writing and the person or people you have to write for.

5. Listening

Key Aspects:

CD, DVD & Web Streaming recordings related to the contents of sections 1-4

Listening Task Types:

Multiple choice & matching, Sentence completion.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	3	6
Lección maxistral	18	0	18
Resolución de problemas de forma autónoma	7	20	27
Presentación	5	19	24
Debate	8	4	12
Traballo tutelado	4	10	14
Seminario	2	4	6
Traballo	3	18	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Contextualización teórico-práctica do tema a tratar.
Lección maxistral	Explicacións sobre os contidos do curso.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos relacionados cos contidos do curso.
Presentación	Presentacións individuais e/ou en pequenos grupos sobre diversos aspectos dos contidos do curso.
Debate	Discusións organizadas sobre temas específicos relacionados cos contidos do curso.
Traballo tutelado	Tarefas amplas relacionadas cos contidos e solucionadas individualmente e/ou en pequenos grupos.
Seminario	Consultas ao docente e/ou ás compañeiras e compañeiros sobre dúbidas teóricas e/ou prácticas derivadas do estudo dos contidos do curso.

Atención personalizada

Probas

	Descrición
Traballo	O profesor prestará ao alumnado a axuda personalizada necesaria para a consecución exitosa dos traballos que serán avaliados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
--	------------	---------------	------------------------

Presentación	As competencias orais serán avaliadas por medio dunha proba que terá lugar no período oficial de exames.	25	CB4 CB5 CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE11
Traballo	As competencias escritas serán avaliadas continuamente por medio de tres composicións escritas asignadas polo profesor ó longo do curso e que serán entregadas progresivamente ó remate das unidades principais do temario.	25	CB3 CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7
Resolución de problemas e/ou exercicios	As competencias gramaticais, de vocabulario, de escoita e de lectura serán avaliadas mediante unha proba final no período de exames na data oficial aprobada pola Xunta de Centro. O valor total final de cada destreza é como segue: gramática e uso (15%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%)	50	CB3 CG1 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG12 CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE7 CE8

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

O alumnado poderá acollerse á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2).

A.1) Avaliación continua

Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua, recoméndase ao alumnado asistir e participar con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas así como realizar as tarefas e exercicios que se lle requiran. No momento en que o alumnado entregue o primeiro traballo escrito contará como que decide seguir a avaliación continua.

Para superar a avaliación continua será necesario:

- 1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (proba oral: 25%, traballos escritos: 25%, lectura e vocabulario: 20%, escoita: 15% e, gramática e uso: 15%). Terase que acadar unha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) en todas as probas específicas para calcular as porcentaxes da nota final e unha nota final mínima de 5. As probas e os traballos que a/o estudanteno non realice ou non entregue contarán como un 0. Na segunda edición de actas (ver sección B máis abaixo) o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.
- 2) Realizar unha proba oral (25%) que terá lugar no período oficial de exames. A data será acordada co alumnado con antelación.
- 3) Realizar 3 traballos escritos (25%) que serán entregados progresivamente ó remate das unidades principais do temario.
- 4) Realizar unha proba escrita para avaliar as competencias de lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%) que terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro.

A.2) Avaliación única

O alumnado que non realice ningunha das probas parciais poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final e que terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro. A proba única constará das seguintes partes: proba oral (25%), traballo escrito (25%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%). A hora da proba oral será acordada co alumnado con antelación.

Para superar dita proba o alumnado ten que aprobar todas as partes cunha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) e unha nota final mínima de 5. Conservaranse as partes aprobadas para a segunda edición de actas.

B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo):

O alumnado que se presentase á primeira edición de actas e que teña suspensa alguna das destrezas, soamente ten que recuperar a(s) destreza(s) suspensa(s). A porcentaxe das probas será a mesma que na primeira edición de actas.

O alumnado que suspenda todas as destrezas e o alumnado que non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba do sistema de avaliación única da primeira edición das actas. Esta proba e computará o 100% da cualificación final. A proba única constará das seguintes partes: proba oral (25%), traballo escrito (25%), lectura e vocabulario (20%), escoita (15%) e gramática e uso (15%). A hora da proba oral será acordada co alumnado con antelación.

O exame da segunda edición de actas, en calquera modalidade, terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Centro.

Para superar a segunda edición de actas, en calquera modalidade, o alumnado ten que aprobar todas as partes cunha porcentaxe mínima de puntuación (4/10) e unha nota final mínima de 5. No caso de non aprobar nesta segunda edición de actas o alumnado terá que avaliarse de tódalas destrezas no próximo curso.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, tableta ou conexión a internet ou outros medios electrónicos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón o plaxio non eximirá ao alumno ou alumna da súa responsabilidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Felicity O'Dell & Annie Broadhead, Objective Advanced. Student's Book without answers., 4ª, Cambridge University Press, 2014, Cambridge

Bibliografía Complementaria

M. Hewings, Grammar for CAE & Proficiency. Self-study grammar reference and practice, Cambridge University Press, 2010, Cambridge

M. Carter & M. McCarthy, Cambridge Grammar of English, Cambridge University Press, 2006, Cambridge

McCarthy, M. & O'Dell, F, English Vocabulary in Use: Advanced, Cambridge University Press, 2003, Cambridge

L. Driscoll, Real Reading 4 (C1 Advanced), Cambridge University Press, 2008, Cambridge

M. Craven, Real Listening & Speaking 4 (C1 Advanced), Cambridge University Press, 2011, Cambridge

S. Haines, Real Writing 4 (C1 Advanced), Cambridge University Press, 2008, Cambridge

L. Rumisek, Academic Writing: From Paragraph to Essay, Macmillan, 2005, London

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Outros comentarios

Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda encarecidamente a presenza e participación na aula.

Do mesmo xeito, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B2 de inglés. O nivel para superar a materia ao final do cuadrimestre deberá ser un nivel próximo o C1.2 de inglés.
